



Resumo dos cambios nos criterios de selección para a participación nas actividades formativas da EGAP

a) Criterios que se introducen:

1º Horas de formación dos cursos para os que a persoa interesada teña sido seleccionada no ano en curso (que se ponderará coas horas de formación recibidas no ano natural inmediatamente anterior).

2º Menor número de actividades académicas realizadas nos últimos cinco anos.

3º Orde alfabética de acordo co sorteo que celebra anualmente a Dirección Xeral da Función Pública para decidir a orde de actuación dos aspirantes en todas as probas selectivas.

4º Preferencia daquel persoal que tivese superado o nivel inmediatamente anterior no caso daqueles cursos que estean estruturados en varios niveis (coa posibilidade de reservar unha cota para aquelas persoas que, sen ter cursado o dito nivel anterior, acrediten posuír os coñecementos necesarios para participar no curso).

b) Criterios que se modifican:

Anterior	Nova
1º Horas de formación en cursos recibidas ou recoñecidas pola EGAP nos dous últimos anos contados desde a data de publicación da convocatoria	1º Horas de formación en cursos recibidas ou recoñecidas pola EGAP no ano natural inmediatamente anterior
2º Reserva dunha cota non inferior ao 5% para persoas discapacitadas .	2º Reserva dunha cota non inferior ao 7% para persoas con discapacidade .
3º Adición dunha puntuación dun 20% para as persoas que tivesen gozado nos dous últimos anos dunha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada por conciliación ou unha excedencia por coidado de familiares.	3º Adición dunha puntuación dun 5% para as persoas que tivesen gozado nos dous últimos anos dun permiso por motivos de conciliación da vida laboral, familiar e persoal e dunha excedencia por coidado de familiares.

c) Criterios que se suprimen:

1º Prioridade dos empregados públicos fixos sobre os temporais.

2º Antigüidade.



3º Prioridade na teleformación para persoas que acrediten dificultades de acceso á formación presencial.

4º Posibilidade de limitar o acceso aos cursos a certos alumnos no caso de que se detecte un exceso de participantes dunha determinada consellería ou departamento.

d) Criterios que se manteñen sen cambios:

1º Relación entre o contido do curso e o posto de traballo.

2º Os que se determinen en cada convocatoria.